

Exercicio PAU: redacción de artigo divulgativo (máximo 400 palabras)

1. O Renacemento en Italia. Arquitectura.

Especifíquense as características da arquitectura renacentista italiana e explica a su evolución, desde o Quattrocento ao Manierismo. Menciónense os seguintes autores e as súas obras: Alberti, Brunelleschi, Bramante, Miguel Ángel, Vignola e Palladio.

O **Renacemento** italiano desenvolveuse durante os séculos **XV (Quattrocento)** e **XVI (Cinquecento)** coa convicción de alcanzar un renacer universal recuperando o modelo clásico de Grecia e Roma. Xurdiu en Italia, onde nunca se perdeu de todo a herdanza romana e onde se deu o contexto ideal para fraguar o novo estilo: a prosperidade económica e o desenvolvemento do **humanismo** propiciou a actuación de **mecenas** como os Strozzi ou os Medici; alí chegaron **intelectuais bizantinos tras a caída de Constantinopla (1453)** que ampliaron o coñecemento dos clásicos; e os **artistas** adquiriron de maneira definitiva consideración, sendo moitos intelectuais ou mesmo “xenios”, como Miguel Anxo ou Leonardo da Vinci.

Pretendíase recuperar o clásico pero non copiándoo senón reinterpretándoo. Seguindo a **visión antropocéntrica** levantáronse edificacións á medida do home, non só por tamaño senón polas súas necesidades. En base ao tratado “*Os dez libros da arquitectura*” (do romano Vitruvio) adoptáronse valores como a proporción e o ritmo para lograr o equilibrio nas formas. Algúns dos elementos arquitectónicos máis característicos foron o uso de **plantas centralizadas** (cruz grega), as **ordes clásicas**, **frontóns**, **óculos**, o **arco de medio punto**, a **bóveda de canón**... Non esqueceron o espazo urbano en si, sendo exemplos a remodelación de cidades como Roma, ou a creación de “cidades ideais” como Sforzinda.

O **Quattrocento** foi a etapa de experimentación con Florencia como eixe neurálxico. Nestes inicios **Brunelleschi** foi o fundador da linguaxe arquitectónica renacentista. A harmonía e a perspectiva eran os elementos clave das súas creacións como a cúpula da catedral de Florencia ou as basílicas de San Lourenzo e do Santo Espírito, que emulaban ás basílicas paleocristianas.

No seu tratado, **Leon Battista Alberti** difundiu os elementos estéticos que plasmou en Santa María Novella ou en San Andrés de Mantua, cuxas fachadas rememoran os arcos de triunfo romanos. Ou no palacio Rucellai, con paramento almofadado, en cuxo alzado lembra o ritmo do coliseo de Roma empregando as ordes toscana, xónico e corintia.



Cúpula Sta. María
(1420-61)



Santa María Novella
(1450-70)


Durante o século XVI (**Cinquecento**) o foco artístico trasladouse a Roma, onde a linguaxe se perfeccionou e monumentalizou ata aproximadamente a década de 1530 cando co **Manierismo**, os arquitectos tomáronse licenzas para conseguir máis plasticidade e dinamismo. Os papas Xulio II e León X foron os grandes mecenas e renovadores da cidade.

O modelo dos tholoi recuperouse con San Pietro in Montorio, de **Donato Bramante**, como encargo dos Reis Católicos. **Miguel Anxo Bounarrotti**, xenio por excelencia e actuando de maneira moi persoal deseñou a escaleira da Biblioteca Laurenciana, o dinámico trazado da praza do Capitolio ou a continuación da Basílica de San Pedro (tras a súa morte o proxecto foi variado e finalizado no Barroco).



San Pietro in Montorio

(1507-10)



Praza do Capitolio

(1534-38)



Biblioteca Laurenziana

(1524-34)

O **Manierismo** tamén estivo exemplificado polas obras de **Giacomo Vignola** e **Andrea Palladio**. O primeiro deseñou *Il Gesù*; o segundo as igrexas de San Jorge e O Redentor. Todas con grandes cúpulas e xogos decorativos clásicos. Pero sen dúbida, o culmen da recreación do ideal romano foron construcións como Vila Capra, nas que as familias da elite pretendían recrear o ideal de vida campestre dos seus devanceiros entre grandiosos pórticos .



El Redentor

(1577-92)



Vila Capra

(1566-70)

Estes artigos son unha guía. Sobrepan as palabras prescritas pola CIUG tendo en conta que ao enfrentarse a un exame con todo o temario sempre se esquecen certas cousas.

Tedes que plasmar os vosos coñecementos (vocabulario artístico, artistas, obras...) pero é un artigo divulgativo polo que a redacción ten que axustarse a ese obxectivo (non esquematicedes ou poñades simplemente "listas" de referentes ou conceptos).